



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 5 DE XUÑO DE 2015**

### **LICENZAS**

#### **FAVORABLES.-**

**LIC/1576/2013 E LAP/374/2013.- DENTOESTETIC CENTRO DE SALUD E ESTETICA DENTAL, SL.-** Conceder licenza para executar as obras de acondicionamento e apertura dunha clínica dental na rúa República El Salvador (de) 4, esquina Doctor Teixeira.

**LIC/854/2010 E LAP/105/2010.- RESTAURACIÓN PANXÓN, S. L.-** Conceder a licenza para executar as obras de reforma dun local e a licenza municipal de actividade e instalación dun restaurante na rúa de San Pedro nº 28.

**LIC/853/2014.- CARLOS MOURELLE VIQUEIRA.-** Conceder a licenza para executar as obras de acondicionamento dun local para uso de almacenamento distribuído en rochos sito na planta baixa e soto da rúa Ramón Cabanillas, 2 Esc 02 -1 0001.

**LIC/540/2015.- CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE – SERVIZO DE INFRAESTRUTURAS – AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS.-** Conceder a licenza para executar as obras de construción dun aparcadoiro disuasorio en Pontepedriña.

**2.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude de licenza para executar as obras de acondicionamento e apertura dunha clínica dental na rúa República El Salvador (de) 4, esquina Doctor Teixeira.**

**3.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude de licenza para executar as obras de reforma dun local e a licenza municipal de actividade e instalación dun restaurante na rúa de San Pedro nº 28.**

**4.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude de licenza para executar as obras de acondicionamento dun local para uso de almacenamento distribuído en rochos sito na planta baixa e soto da rúa Ramón Cabanillas, 2 Esc 02 -1 0001.**

**5.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude de licenza para executar as obras de construción dun aparcadoiro disuasorio en Pontepedriña.**

Autorizáronse 4 licenzas:

.-Licenza para acondicionamento de local con destino a clínica dental en planta baixa e soto da rúa República de El Salvador, esquina Doutor Teixeira (nº 28), cun orzamento de execución de 72.500 euros.

.-Licenza para reforma dun local destinado a restaurante, en planta baixa e semisoto da rúa San Pedro (nº 30), cun orzamento de execución de 55.020 euros.

.-Licenza para cambio de usos a rochos para almacenamento na rúa Ramón Cabanillas (nº 2), cun orzamento de execución de 4.231 euros.

.-Licenza á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para a construción do aparcadoiro disuasorio en Ponte Pedriña, cun orzamento de execución material de 695.202 euros. As obras consisten no acondicionamento de dúas zonas existentes debaixo do viaduto do ferrocarril, a ambas marxes da rúa do Escultor Camilo Otero para o seu destino como aparcamento público.

No contorno da área de aparcamento e na zona central proxéctase unha zona verde, con árbores no borde do perímetro. O proxecto inclúe, ademais, a limpeza da parada do autobús existente na rúa Romero Donallo, a colocación de bancos e de tres puntos de luz, a demolición do borde e beirarrúa existente baixo o viaduto, modificando o largo dos carrís e aumentando o largo da beirarrúa ata os 3,5 metros.

**6.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á execución da Sentenza 00054/2015 recaída no procedemento ordinario 553/2012.**

Acordouse o pagamento, mediante consignación no Xulgado Contencioso Administrativo de 64.083 euros en execución de sentenza de data 18 de febreiro de 2015 que anulou un acordo

da Xunta de Goberno de xullo de 2012 en relación coa substitución en metálico dun aproveitamento municipal no proxecto de equidistribución da AE-1 do PERI do Vieiro. A sentenza considera que os 76 m2. de terreo asignado no seu día como camiño público deben ser considerados serventía, polo que, en consecuencia e logo da súa valoración, procede realizar este pagamento.

**7.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude de prórroga para a xustificación da subvención de AGADER.**

Acordouse solicitarlle a AGADER a prórroga do prazo límite para a execución dos investimentos vinculados ao proxecto subvencionado a través do Plan Marco de mellora de camiños de titularidade municipal, e para a xustificación dos gastos ata o día 30 de setembro de 2015. Dentro do citado Plan, financiado polo FEADER, concedéuselle ao Concello unha asignación de 77.763 euros, cun prazo límite para a execución e xustificación das obras ata o 30 de xuño de 2015. Na súa petición, o Concello ten en conta a demora na concesión da subvención, dada a coñecer a mediados de abril, e a imposibilidade de cumprir todos os requisitos dos procedementos de contratación nun espazo de tempo tan axustado.

**9.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa ao rexeitamento de recursos, remisión de pezas ao xurado de expropiación forzosa e orde de pago/consignación á beneficiaria do expediente de expropiación a favor da CCPP DA AVDA DE LUGO 235, para a colocación dun ascensor.**

Acordouse o rexeitamento dos recursos de reposición presentados contra a expropiación a favor da Comunidade de Propietarios dun edificio da Avda. de Lugo, 235, para a colocación dun ascensor. Tamén se acordou a remisión das pezas de valoración ao Xurado de Expropiacións a fin de que emita resolución que fixe definitivamente o prezo xusto en vía administrativa, así como a orde de pagamento á Comunidade de Propietarios, ata conformidade, ás persoas beneficiarias por un importe total de 3.960 euros.

**10.- Proposta da concelleira delegada de área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa a corrección erros no acordo nº 18 da sesión da Xunta de Goberno de data 22 de maio de 2015. (CON/4/2015). (Substitución rede abastecemento no lugar de Bornais-POS Adicional 1/2014).**

Procedeuse a aprobar unha corrección de erros nun acordo da Xunta de Goberno do 22 de maio pasado, incorporando un parágrafo no que se fai constar o rexeitamento dunha oferta presentada fóra de prazo para a adxudicación da obra de substitución da rede de abastecemento no lugar de Bornais (O Eixo), obra adxudicada á empresa Espina y Delfín, por un importe de 91.944 euros e un prazo de execución de 4 meses.

**11.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa a pago de intereses en execución da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ditada na sentenza número 727/2014. (P.O. 564/2011).**

Acordouse non admitir o recurso extraordinario de revisión presentado en relación coa sentenza sobre o reparto de cotas de urbanización acordado en maio de 2003 para o proxecto de urbanización do polígono 5 das Fontiñas e rúas exteriores do PERI de Outeiro. Tamén se acordou aboar aos recorrentes un total de 15.597 euros en concepto de intereses de demora en consonancia cun auto do TSXG do 16 de febreiro de 2015.

**12.- Proposta da concelleira delegada da área de Cultura e Patrimonio para dar conta da sinatura de convenios de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e diversas entidades.**

Deuse conta da sinatura de 14 convenios culturais por un importe total de 50.380 euros, destinados a financiar actividades das seguintes asociacións ou entidades: Casa da Troia, Música en Compostela, Asociación Cultural O Galo, Federación de Libreiros de Galicia, Asociación do Traxe Galego, Museo do Pobo Galego, Fundación Rosalía de Castro, Asociación Cultural e Folclórica Colexiata do Sar, Ateneo de Santiago, Real Sociedade Económica de Amigos do País, Asociación Cultural Francisco Asorey, Asociación Cultural Rocha Forte, Fundación Compostela Arquitectura e Cofradía de la Veracruz.

**13.- Proposta da concelleira delegada da área de Cultura e Patrimonio relativa á aceptación de renuncia da Fundación Castelao á subvención nominativa 2015.**

Aceptouse a renuncia da Fundación Castelao a unha subvención nominativa concedida para o ano 2015 por importe de 300 euros.

**14.- Proposta da concelleira delegada da área de Cultura e Patrimonio relativa ao Servizo de deseño, produción, montaxe e realización dos espectáculos nocturnos do 24 e do 31 de xullo dentro das festas do Apóstolo 2015 da cidade de Santiago de Compostela.**

Acordouse deixar deserto o procedemento aberto convocado para a licitación do servizo de deseño, produción montaxe e realización dos espectáculos nocturnos do 24 e do 31 de xullo, dentro das festas do Apóstolo 2015 e a apertura do procedemento de adxudicación negociado sen publicidade, solicitándolle ofertas ás cinco empresas presentadas no procedemento aberto (Acciona Producciones y Diseño, S.A.; Pirotecnica Zaragoza; Focs d'Artifici Europa, S.L.; ASL Light Solutions, S.L.; e Pirotecnica Quiles, S.L.). O tipo de licitación mantense 217.800 euros. O rexeitamento das ofertas presentadas estivo motivado polo incumprimento das determinacións establecidas nos pregos de aplicación: por exceder o volume máximo de folios da documentación achegada, por non ter asinado debidamente a documentación ou por incumprimento de aspectos recollidos no prego técnico.

**15.- Proposta da concelleira delegada da área de Cultura e Patrimonio relativa ao convenio de colaboración cultural entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e o Concello de Santiago de Compostela para a realización de proxectos de dinamización e intervención artística.**

Aprobouse o texto de colaboración cultural coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a realización e financiamento de proxectos de dinamización e intervención artística, autorizando ao Auditorio de Galicia para executar e xestionar as actividades froito do convenio, polo que recibirá o importe da subvención que lle transfira a Xunta de Galicia ao Concello por este motivo.

O convenio, que ten unha asignación de 250.000 euros, continúa a liña establecida no ano 2014 e vai dirixido de forma prioritario a apoiar os festivais de música que se celebran na cidade con maior vinculación co patrimonio arquitectónico e artístico, como son o Festival de Músicas Contemplativas, o Festival Via Stellae e o Ciclo de Lied, todos eles cunha ampla traxectoria en anos precedentes.

**16.- Proposta da concelleira delegada da área de Servizos Sociais relativa a axudas sociais.**

Concedéronse 30 axudas dentro do programa de Medidas de Apoio para a Prevención e Integración Social (MAPIS), por un importe total de 34.860,90 euros. A maior parte, 24, foron para gastos de manutención, 5 para aluguer de vivenda, 1 para gastos de comedor.

**17.- Proposta da concelleira delegada da área de Servizos Sociais relativa á resolución de recurso de reposición interposto contra o acordo da Xunta de Goberno do 17.04.2015, polo que se acorda denegar a don Fernando Rodríguez Estalayo a axuda municipal "MAPIS ALUGUER" solicitada en data 9 de marzo do presente ano.**

Acordouse denegar unha axuda municipal dentro do programa de Medidas de Apoio para a Prevención e Integración Social (MAPIS) destinada a alugueiro, a través da resolución dun recurso de reposición, por considerar que non se cumpren as determinacións establecidas na normativa de aplicación, no relativo á superación do límite de ingresos.

**18.- Proposta da concelleira delegada da área de Economía relativa á transmisión das casetas da PRAZA DE ABASTOS números NC275, NC276, NC277 e NC278, da titularidade de JULIO ABALO SALAMANCA, a favor do seu fillo JULIO ABALO OUTÓN.**

**19.- Proposta da concelleira delegada da área de Economía relativa á transmisión das casetas da PRAZA DE ABASTOS números NC154 e NC155, da titularidade de CARMEN SILVA ABRALDES, a favor da súa filla MARÍA DEL CARMEN RENDO SILVA.**

**20.- Proposta da concelleira delegada da área de Economía relativa á transmisión das casetas da PRAZA DE ABASTOS números NC142 e NC143 a favor de MARÍA ESPERANZA OTERO REY, por xubilación do seu cónxuxe, JOSÉ MANUEL REY SALGUEIRO, titular legal das mesmas.**

**21.- Proposta da concelleira delegada da área de Economía relativa á transmisión das casetas da PRAZA DE ABASTOS números NC193 e NC194 a favor de VICENTE GARCÍA GONZÁLEZ, por xubilación da súa nai, ROSA MARÍA GONZÁLEZ PÉREZ, titular legal das mesmas.**

Autorizouse a transmisión de 10 casetas (NC275, NC276, NC277, NC278, NC154, NC155, NC142, NC143, NC193 e NC194) na Praza de Abastos, todas elas motivadas pola xubilación dos seus actuais titulares, pasando a concesión aos seus fillos, fillas ou cónxuxes respectivos.

**22.- Proposta da concelleira delegada de Economía relativa á concesión de subvencións a empresas privadas para o financiamento de bolsas para o acceso a pesoal especializado como vía de mellora da competitividade.**

**23.- Proposta da concelleira delegada de Economía relativa á concesión de subvencións a empresas privadas para o financiamento de bolsas para o acceso a pesoal especializado como vía de mellora da competitividade. (Comisión 22 de maio de 2015).**

Acordouse a concesión dun total de 10 subvencións a empresas privadas para o financiamento de bolsas para o acceso a persoal especializado como vía de mellora da competitividade, dentro da convocatoria do ano 2015 que conta cunha achega económica de 135.000 euros.

As axudas, que totalizan 37.283,30 euros, van destinadas á contratación de 13 persoas con titulacións universitarias ou de FP polas seguintes empresas: Antaxurada, S.L. (2.400 €), Nieves Millán Guzmán (2.683,35 €), Mundo Juvenil, S.L. (3.066,65 €), J.L. Iglesias, S.C. (2.683,35 €), Penabad Villar Correduría de Seguros, S.L. (3.066,65 €), M<sup>a</sup> Jesús Vázquez Roqueiro (3.066,65), Sonia García Gómez (3.066,65 €), Libredón Internacional, S.L. (3.066,65 €), Santiago Figueiras Ferreiro (2.683,35 €) e Vemo TV, S.L. (8.433,35 €).

**24.- Proposta do concelleiro delegado da área de Réxime Interior e Administración Pública relativa á prórroga do aluguer do local nº 4 da rúa Presidente Salvador Allende, destinado a oficinas municipais.**

**25.- Proposta do concelleiro delegado da área de Réxime Interior e Administración Pública relativa á prórroga do aluguer do local nº 5 da rúa Presidente Salvador Allende, destinado a oficinas municipais.**

Acordouse prorrogar o contrato de aluguer de dous locais na rúa Presidente Salvador Allende (nº 4 e 5) destinados a oficinas dos servizos municipais de Contratación, polo prazo de un ano, cos mesmos prezos que se viñan mantendo ata o de agora, cun importe anual de 10.665 euros e 11.972 euros, respectivamente,

**26.- Recoñecemento extraxudicial de créditos.**

Aprobouse un recoñecemento de crédito para facer fronte a 5 facturas de diferentes acredores, por un importe global de 22.544 euros. Corresponden a gastos con obrigas contraídas con anterioridade, con facturas conformadas e con existencia de crédito suficiente para afrontar o pagamento.

**(PTO. EXTRAORDINARIO)** Acordouse a adxudicación do subministro de prendas superiores impermeables para a auga, calzado e complementos de uniformidade con destino á policía local. Trátase de 3 lotes dos que resultaron adxudicatarias as seguintes empresas: Sagres, S.L. (27.783 euros), El Corte Inglés. S.A. (13.495 euros) e Peycar Pontevedra, S.L. (12.919 euros).